

O DILEMA DO TRANVÍA

O dilema do tranvía é un experimento mental creado pola filósofa Philippa Foot para analizar algúns problemas éticos. En xeral adóitase ver este dilema como unha ferramenta para analizar as decisións morais e o papel que xogan nestas dous enfoques distintos da ética normativa: o consecuencialismo, que valora a moralidade das accións polas súas consecuencias; e o deontoloxismo, que valora as accións morais por si mesmas, independentemente dos seus efectos. Ademais da súa formulación orixinal, existen numerosas variacións deste experimento que tratan de poñer de manifesto aspectos do problema que non resultan evidentes no orixinal.

Dilema do tranvía

Un tranvía corre fóra de control por unha vía. No seu camiño atópanse cinco persoas atadas á vía por un filósofo malvado. Afortunadamente, é posible accionar un botón que encamiñará o tranvía por una vía diferente; por desgraza, hai outra persoa atada a esta. Debería premerse o botón?

O home do tellado

Como antes, un tranvía descontrolado diríxese cara a cinco persoas. O suxeito sitúase nunha ponte sobre a vía e podería deter o paso do tren lanzando un gran peso diante do mesmo. Mentres isto sucede, ao lado do suxeito só se atopa un home moi gordo; deste xeito, a única maneira de parar o tren é empurrar o home gordo desde a ponte cara á vía, acabando coa súa vida para salvar outras cinco. Que debe facer o suxeito?

A vía en bucle

Como antes, un tranvía se móvese por unha vía cara a cinco persoas. Igual ca no primeiro caso, é posible desvialo a unha vía distinta. Nesta vía hai un só home gordo. Non obstante, máis alá do home gordo, a vía se diríxese de volta aos outros cinco. Se non fose pola presenza do home gordo, premer o interruptor non salvaría os outros cinco. El interruptor debería ser accionado?

O home no xardín

Como anteriormente, un tranvía móvese por unha vía en dirección a cinco persoas. É posible desviar a súa dirección facéndoo colisionar con outro tranvía pero, de facelo, ambos descarrilarán e precipitaranse colina abaixo, atravesando unha estrada, ata o xardín dun home. O dono do xardín, que está durmindo na súa hamaca, resultará morto. Debería desviarse o tranvía?

A variante da esperanza

Como antes, un tranvía descontrolado diríxese cara a cinco personas. O suxeito sitúase nunha ponte sobre a vía con dous botóns ao seu alcance. O primeiro serve para cambiar de raíl o tren cara a unha vía na que matará a unha persoa. O segundo botón serve para facer descarrilar o tren. Como consecuencia de descarrilar o tren co segundo botón obtemos un 50% de posibilidades de matar a todas as persoas, e un 50% de posibilidades de salvaras a todas. Como debería actuar o suxeito?

1. Propón unha solución para cada versión do dilema: cal che parece a opción moralmente máis correcta en cada caso?

2. Por que cres que esa é a opción correcta? Razoaches de xeito consecuencialista ou deontoloxista para chegar a esa conclusión?